

# ACORDO DE HOMOLOGACIÓN RETRIBUTIVA EN GALICIA

En Santiago de Compostela, 4 de xullo de dous mil tres

## REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. Don Celso Currás Fernández, Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en nome e representación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e, doutra parte, as organizacións sindicais asinantes ó final do presente documento

CONSIDERANDO que desde que se realizaron as transferencias en materia de educación ás Comunidades Autónomas que aínda non as tiñan asumidas, se produciron uns Acordos específicos de incrementos retributivos ós funcionarios docentes destas Comunidades Autónomas que provocaron que as retribucións do profesorado da nosa Comunidade Autónoma que imparte ensinanzas escolares se situasen nunha mala posición relativa no conxunto do Estado.

Coa finalidade de solventar esta situación, as partes asinantes ACADAN O SEGUINTE ACORDO SOBRE AS RETRIBUCIÓN DO PROFESORADO DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA QUE IMPARTE ENSINANZAS ESCOLARES.

**Primeiro.-** A componente xeral do complemento específico do profesorado dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que imparte ensinanzas escolares e dos restantes funcionarios incluídos no ámbito de aplicación do acordo do 30 de decembro de 1991 e do acordo do consello da Xunta de Galicia do 8 de xullo de 1993, sufrirá os seguintes incrementos:

EFFECTIVIDADE	INCREMENTO MENSUAL	INCREMENTO ANUAL
01.10.2003	24,04€	288,48€
01.01.2005	24,04€	288,48€
01.01.2006	30,05€	360,60€
01.10.2006	21,87€	262,44€

**Segundo.-** De acordo co artigo 35 da Lei 9/1987, do 17 de xuño, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais asinantes do presente ACORDO constituirán unha Comisión de seguimento e aplicación do mesmo.

Esta Comisión avaliará periodicamente os procesos inherentes ó desenvolvemento do acordo e reunirse sempre que o solicite a Consellería ou a parte sindical.

**Terceiro.-** A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, unha vez rematado o período de aplicación do presente Acordo, analizará as retribucións dos funcionarios docentes que imparten ensinanzas escolares en todo o Estado e se resultase, de acordo cos criterios de cálculo que resultaron do proceso negociador e que constan nas actas das reunións da Mesa Sectorial, unha modificación apreciable da posición relativa acadada co presente Acordo nas retribucións dos funcionarios docentes da nosa Comunidade no conxunto do Estado, abrirá un novo proceso de negociacións das súas retribucións.

***POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U.***

Asdo.: Celso Currás Fernández

***POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS***

**POR ANPE**

Asdo.: Manuel Astariz Castro

**POR CC.OO.**

Asdo.: Xosé G. Barral Sánchez

**POR CSI-CSIF**

Asdo.: Xosé Raposo Gallego

**POR FETE-UGT**

Asdo.: Mariano García González